

ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN: FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DE MILLADOIRO, CONCELLO DE AMES

Na Casa do Concello de Ames sendo as once horas e vinte minutos do día 28 de agosto de dous mil dezasete reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto das obras de ampliación do pavillón municipal de deportes de Milladoiro, concello de Ames.

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Don Leopoldo Moure Dopico, interventor da Corporación.
- Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Secretaria: Dona Isabel Quintásn Ríos auxiliar administrativa do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, a secretaria, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de 3 de xullo de 2017, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Excm. Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que as proposicións presentadas pola empresa NORSERCO SL que ofertou unha baixa dun 45,07 % e ACEVI SL que ofertou unha baixa dun 28,94 % estaban incursas en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión

ACORDOU:

1º.- Dirixir escrito vía fax ou correo electrónico (segundo a opción elixida polas empresas para comunicarse entre as partes) á NORSERCO SL e ACEVI SL concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificaran diante da mesa de contratación as baixas ofertadas, acompañando para elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada polas empresas requiridas a documentación xustificativa das baixas remitíraselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.



A arquitecta técnica municipal, María Gamundi Fernández, emitiu informe, con data 16 de agosto de 2017, que transcrito literalmente dí:

"INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA ACEVI SL, RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DA OFERTA PRESENTADA NO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA DE AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN DE DEPORTES DE MILLADOIRO

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ten convocado un procedemento negociado para a execución da obra referencia, cun presuposto de licitación máis IVE de 81.831,02€. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 65.896,23 €, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, de 64.826,43€. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 58.343,79€, que supón un 28,72% de baixa.

Das ofertas presentadas, as seguintes atópanse no suposto referido no parágrafo anterior:

NORSECO, SL: 44.953,35€ [40% baixa]
ACEVI, SL: 58.145,80€ [28,94% baixa]

Destas empresas, ACEVI, SL presenta unha documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

INFORME:

A empresa achega unha memoria xustificativa na que fai, de inicio, unhas consideracións xerais relativas á análise da obra e da estratexia da empresa en relación co obxectivo de ter presenza en Ames. Este obxectivo é o que xustifica a aplicación de coeficientes axustados, co propósito de cubrir os custos de estrutura e os gastos indirectos, en un beneficio reducido. Os coeficientes que a empresa aplica sobre o PEM, calculado segundo se debulla nos seguintes apartados da memoria, son:

- 5% custo de estrutura
- 4% custo indirecto
- 1% control de calidade
- 1% anuncios
- 2% beneficio

De seguido, na memoria identifícanse as nove unidades da obra que teñen mais peso económico, e que supoñen o 84% do PEM:

PARTIDA	IMPORTE
KG ACEIRO S275 EN ELEM. ESTRUT.	10.094,150
M2 FÁBRICA BLOQ. SPLIT CARA VISTA 40X19X19	9.091,196
M2 PANEL SANDWICH FACHADA 0.4/30/0.4 PRELACADO/GALVANIZADO	8.391,008
M2 SOL. HM-25/15CM + CENT+ EN. 15CM	6.612,900
M2 IMPERM. GEOT + LAMINA PVC 2052	6.128,000
M3 HOR. HA-25/P/20/IIa ZAP V.M. ENCOF	1.389,927
KG PINTURA ESMALTE ESTRUTURA	1.050,677

Destas partidas, a empresa pretende subcontratar os capítulos de estrutura, cerramento e cuberta, ás que se engaden a instalación eléctrica e, parcialmente, a carpintería. Destes capítulos, achéganse as ofertas feitas polas subcontratas:





- CUBIERTAS GÓMEZ SL: Panel nervado, baixantes, panel sandwich
- ECSOLLA MULTISERVICIOS SL: Instalación eléctrica.
- DECORACIONES JOSÉ TORRES SL: Pinturas
- HORMIGONES VALLE MIÑOR SA: Formigóns.
- TALLERES CAENOR SL: Aceiro, capintería
- OGANDO Y GATICA: Materiais variados (arquetas, illamentos, bloques de formigón, etc).

Ademais, téñense elaborados prezos descompostos de cada unha das partidas que compoñen o proxecto. Segundo o especificado pola empresa, estes prezos foron calculados tendo como referencia os prezos que figuran no proxecto, a Base de Prezos de Galicia e a base de datos propia da empresa para obras de similares características. Canto á man de obra, está calculada coas táboas laborais existentes no proxecto, que están por riba dos custos que establece o convenio vixente.

Finalmente, achégase un orzamento comparativo licitación-oferta, no que se observa que os capítulos onde se concentran os maiores aforros son os de cimentación e, en menor medida, os de estrutura metálica e cuberta e peche.

Examinada a documentación presentada, compróbase que para a elaboración dos prezos descompostos tivéronse en conta os prezos ofertados polos subministradores e subcontratas. Tamén parecen razoables os coeficientes que se aplican ao PEM para calcular a oferta global, tendo en conta os argumentos empregados pola empresa. No tocante ao custo do man de obra, obsérvase que se reducen lixeiramente os prezos e os rendementos. Detéctase, porén, algún erro no cómputo total dalgunha partida (por exemplo, na partida 001.007: M2 SOL HM-25/15cm., a suma total do descomposto é de 19,66€, mentres que o que realmente reflicte é 18,25€).

Unha primeira valoración da xustificación presentada é que, aínda que se teñan detectados algúns erros materiais na elaboración do orzamento; e de que puidera existir algún tipo de discrepancia en relación cos rendementos da man de obra na elaboración dos descompostos das diferentes partidas que compoñen o proxecto, o feito de que moitas das partidas sexan executadas por subcontratas (das que se presupón un orzamento certo), e de que outras partidas sexan executadas con medios propios (persoal), permiten determinar, cun certo marxe de certeza, a viabilidade da proposta.


Ademais, outro feito importante a considerar é que a oferta feita pola empresa quedou a 197,99€ de non ser considerada desproporcionada ou anormal.

Por todo o anterior, considero que a **ACEVI, SL xustifica a súa oferta dun xeito adecuado, polo que se informa favorablemente**".

Á vista do resultado do informe emitido por María Gamundi Fernández, procede a continuación no procedemento de ACEVI SL por considerarse, á vista da documentación aportada, que non ten carácter desproporcionado a súa oferta económica.

Con respecto á empresa NORSERCO SL procede a súa exclusión do procedemento por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.


A continuación procédese á valoración dos sobres C que conteñen a documentación correspondente ós criterios avaliados mediante aplicación dunha fórmula obténdose o seguinte resultado:



Tipo de licitación con IVE: 81.831,02 €.

EMPRESA LICITADORA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
2000 JOSCON CONSTRTRUCCIONES SL	68183.50	20,86
ACEVI SL	58145.80	30,41
ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	67723.35	21,53
BRISA ESCAVACIONES, OBRAS Y SERVICIOS SL	77775.80	6,9
CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNES SL	68783.06	19,99
CETA CONTRATAS, SL	65542.25	24,47
CIES OBRA CIVIL SL	71086.61	16,63
CONSTRUCCIONES ABAL SA	76085.39	9,36
CONSTRUCCIONES D.OGANDO SL	64739.63	25,12
CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO RODRIGUES SL	67576.06	21,47
CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	62518.90	26,9
CONSTRUCCIONES MANUEL BARCIA GARCIA	63999.32	25,71
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	70677.31	17,23
COVIASSTEC SL	62113.40	27,22
CUMIO CONTRUCCION E RESTAURACIÓN SL	69934.58	18,31
CYS HISPANIA SL	65464.81	24,53
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	68656.22	20,17
GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU	64057.19	25,66
GROMA OBRAS SL	63852.74	25,83
INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES MELCOR SL	71733.07	15,69
INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL	64523.76	25,29
MARCONSA SL	63312.65	26,26
OBRAS Y VIALES CERNE SL	64130.00	25,6
OVIGA SL	66420.00	23,42
PROSEMA NOROESTE SL	61468.00	27,74
SERAFIN LUEIRO SOUTO	74851.63	11,16
SERGONSA, SERVICIOS SL	59204.09	29,56
SERVICIOS INTEGRALES DE GESTION Y MANTENIMIENTO SA	69363.25	19,14
SIMER OBRAS Y SERVICIOS SLU	64466.37	25,33
SYR-AMG, SLU	63648.07	25,99
TERRAUGA SL	63689.08	25,96


Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, a Mesa de contratación de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:



Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org

Tel: 981 883 002
Fax: 981 883 925




EMPRESA LICITADORA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
ACEVI SL	58145.80	30,41
SERGONSA, SERVICIOS SL	59204.09	29,56
PROSEMA NOROESTE SL	61468.00	27,74
COVIASSTEC SL	62113.40	27,22
CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	62518.90	26,9
MARCONSA SL	63312.65	26,26
SYR-AMG, SLU	63648.07	25,99
TERRAUGA SL	63689.08	25,96
GROMA OBRAS SL	63852.74	25,83
CONSTRUCCIONES MANUEL BARCIA GARCIA	63999.32	25,71
GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU	64057.19	25,66
OBRAS Y VIALES CERNE SL	64130.00	25,6
SIMER OBRAS Y SERVICIOS SLU	64466.37	25,33
INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL	64523.76	25,29
CONSTRUCCIONES D.OGANDO SL	64739.63	25,12
CYS HISPANIA SL	65464.81	24,53
CETA CONTRATAS, SL	65542.25	24,47
OVIGA SL	66420.00	23,42
ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	67723.35	21,53
CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO RODRIGUES SL	67576.06	21,47
2000 JOSCON CONSTRTRUCCIONES SL	68183.50	20,86
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	68656.22	20,17
CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNES SL	68783.06	19,99
SERVICIOS INTEGRALES DE GESTION Y MANTENIMIENTO SA	69363.25	19,14
CUMIO CONTRUCCION E RESTAURACIÓN SL	69934.58	18,31
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	70677.31	17,23
CIES OBRA CIVIL SL	71086.61	16,63
INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES MELCOR SL	71733.07	15,69
SERAFIN LUEIRO SOUTO	74851.63	11,16
CONSTRUCCIONES ABAL SA	76085.39	9,36
BRISA ESCAVACIONES, OBRAS Y SERVICIOS SL	77775.80	6,9

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

1º.- Trasladar ao órgano de contratación a exclusión do procedemento da empresa NORSERCO SL por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.





Concello
de AMES

2º.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras de ampliación do pavillón municipal de deportes de Milladoiro, concello de Ames á empresa ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES SL (**ACEVI SL**) con CIF B-94.097.268 no prezo de corenta e oito mil cincuenta e catro euros e trinta e oito céntimos (**48.054,38.- €**), máis o IVE correspondente que ascende a cantidade de dez mil noventa e un euros e corenta e dous céntimos (**10.091,42.- €**), así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicatária.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as once horas e trinta e dous minutos do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesma, certifico.